



ACTA

Expediente nm.	rgano colexiado
PLN/2023/5	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

16 de novembro de 2023

Duracin:

Desde las 11:06 hasta las 12:07

Lugar:

Saln de Sesiones

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	S
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNNDEZ	S
34636672Y	ROBERTO DAZ EXPSITO	S
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	S
77594453C	SANDRA GMEZ MARADONA	NON
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	S





Escusas de asistencia presentadas:

1. SANDRA GOmez MARADONA:
«Motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a valida constituicion do organo, o presidente abre a sesion, polo que se procede  deliberacion sobre os asuntos incluídos na orde do da.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobacion da acta da sesion anterior

Favorable	Tipo de votacion: Unanimidade/Asentimento
------------------	---------------------------------------------------

Resolucion:

Visto o borrador da acta da sesion anterior, a sesion extraordinaria celebrada o da dez de outubro maio do dous mil vinte e tres (12/03/23) distribuído coa convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesion.

Expediente 447/2023. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR LEI AMNISTIA

Desfavorable	Tipo de votacion: Unanimidade/Asentimento
---------------------	---------------------------------------------------

Resolucion:

En primeiro lugar dase conta da Mocion presentada polo Partido Popular contra a tramiacion dunha Lei de Admnista que se transcribe literalmente:

“El 15 de octubre de 1977 el Congreso de los Diputados aprobo la Ley de Amnista que siguio el principio de reconciliacion nacional que guio nuestra Transicion a la democracia. La amnista era una demanda social y una necesaria e imprescindible impugnacion del ordenamiento juridico de la dictadura. Fue uno de los instrumentos con los que se puso punto final a la represion que sufrio una parte de la sociedad espaola y uno de los grandes acuerdos que consolidaron nuestro camino a la democracia.

Durante la tramitacion de la Constitucion de 1978 se debatio la cuestion de la amnista, ya que se presentaron dos enmiendas para que las Cortes Generales pudieran tener esa competencia. Las enmiendas fueron rechazadas y, por el contrario, se aprobo el articulo 62 que prohibe indultos generales. Es decir, el perdon -que si existe en nuestro ordenamiento y que esta regulado en la Ley del Indulto-, debe ser siempre individualizado y nunca con caracter general.





Concello de Lourenzá

En una democracia europea consolidada, como es la española de 2023, una amnistía, además, atenta contra algunos de los principios básicos del Estado de Derecho como son la exclusividad del poder judicial para juzgar y hacer ejecutar lo juzgado, la igualdad en la aplicación de la Ley y la seguridad jurídica. Ni el legislador ni el poder ejecutivo pueden arrogarse la facultad de declarar inmune a un grupo de personas, borrar sus delitos e incluso evitar que sean juzgados como cualquier otro ciudadano. Todo ello además miembros que tanto el Tribunal de Justicia de la UE como el Tribunal Europeo de Derechos Humanos tienen pendiente resoluciones referidas a la cuestión, sobre la que se plantea la posible amnistía y que afectan a España.

En 2017 se produjo un intento de insurrección por parte de los poderes públicos de Cataluña contra el orden Constitucional. La reacción del Estado de Derecho fue la aplicación del artículo 155 de la Constitución y la puesta en marcha de los instrumentos penales contra sus impulsores.

El Tribunal Supremo condenó a sus principales líderes a penas de entre 9 y 13 años por sedición y malversación. Algunos de sus principales responsables huyeron al extranjero. Desde entonces tratan de evitar la acción de los Tribunales españoles y europeos. No fué el único que lo hizo. El pasado 5 de septiembre Puigdemont condicionó la gobernabilidad de España a, entre otras cuestiones, la aprobación de una Ley de Amnistía que favorezca, entre otros, a los encausados por el referéndum ilegal de 2017, en ocasiones por hechos de una violencia extrema.

No es la primera vez que se plantea esa cuestión. Ya en 2021 se registró una iniciativa de estas características en el Congreso y los Letrados emitieron un informe contundente contrario a su tramitación. Además, tanto Pedro Sánchez como ministros de su Gobierno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska y Carmen Calvo, entre otros muchos dirigentes socialistas, afirmaron en el pasado ía inconstitucionalidad de una posible amnistía.

Los hechos jurídicos siguen igual, pero han cambiado las circunstancias políticas. Pedro Sánchez, en un intento desesperado por conservar la Presidencia del Gobierno, se ha abierto a que se pueda tramitar una Proposición de Ley. Además de suponer una inconstitucionalidad flagrante, de nuevo se pretende utilizar un atajo para evitar los controles de legalidad del CGPJ, la Fiscalía y el Consejo de Estado.

El precio de la presidencia no sería solo exculpar centenares de delitos sino deslegitimar el Estado de Derecho y blanquear y considerar la legitimidad de la sedición que se llevó a cabo. En definitiva, un inasumible precio político para cualquier gobernante decente y que la falta de rechazo explícito y contundente por parte del Gobierno está causando una profunda conmoción social.





Concello de Lourenzá

Por todo ello, el Grupo Popular en I Ayuntamiento/ Diputación/ Cabildo /Consell Insular de , presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDOS

1. Rechaza cualquier tipo de amnistía o indulto generalizado para cualquier grupo de ciudadanos. cualquiera que sea su delito.
2. Considera que el imperio de la ley es la expresión de la voluntad popular, tal y como establece el preámbulo de la Constitución, y compromete a todos los poderes para su cumplimiento.
3. Anima a los dos partidos mayoritarios a buscar acuerdos de Estado que eviten que la sociedad española se vea sometida a las condiciones ilegales de partidos independentistas.
4. Dar traslado de estos acuerdos a Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia primera y ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a la Vicepresidencia segunda y ministerio de Trabajo y Economía Social, al ministerio de Política Territorial, y a los portavoces parlamentarios en el Congreso y el Senado; así a la Junta de Gobierno de la FEMP.”

O Sr. Díaz Expósito, da lectura ós puntos da proposta de acordos.

Intervén a Sra. Fanego Barreira sinalando que pouco ten que dicir, tendo en conta que o punto 3 que insta a obviar aos partidos minoritarios, pouco hai que dicir respecto á intención desta proposta. A Constitución non fala de amnistía polo tanto haberá que facer unha interpretación desa Lei, por si é anticonstitucional. Recordar que o PP xa defendeu unha amnistía fiscal que era basicamente un privilexio para os defraudadores, políticos e empresarios corruptos, o Tribunal Constitucional, sí que tumbou o intento do P.P.

Toma a palabra o Sr. Arango dicindo que o primeiro que os sorprende desta moción presentada polo grupo popular é que está rexistrada un mes antes do acordo entre o PSPE e Junts, que iso sí que é ser previsores e videntes, recoméndalles que vaian xa preparando mocións contra a subida das pensións ou do salario mínimo, contra a lei de vivenda e todas cantas leis progresistas que vaia aprobando o goberno de coalición.

Dito esto pasemos ao primeiro punto da exposición de motivos. Aquí din que a Lei de Amnistía do ano 77 foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedades española. É certo que beneficiou a una parte da sociedade, a outra parte aínda hoxe ten problemas para desenterrar aos seus mortos das cunetas das estradas de España, vítimas da dictadura franquista. Por certo, unha dictadura das de verdade, non das que corean vostedes nas manifestacións. A quen beneficiou esa Lei de Amnistía foi, por exemplo, a aqueles que se incorporaron á política na España democrática





Concello de Lourenzá

pertencendo antes a gobernos fascistas. Non sei se recordarán, porque son moi novos, a un tal Manuel Fraga Iribarne, ministro de Gobernación con Franco, aquel que dicía: "la calle es mía", cando a algún cidadán se lle ocurría manifestarse. Hoxe, como ben puideron comprobar, unha manifestación parece unha festa. O Sr Fraga formou parte daquel goberno que firmaba penas de morte sen xuízo previo. Por certo, foi presidente do seu partido e da Xunta de Galicia. Foille ben coa Lei de Amnistía.

Miren o que dicía Fraga no ano 77, cando un domingo de gloria (data moi ben escollida) Suárez legalizou ao Partido Comunista: "un verdadeiro golpe de Estado, grave error político, farsa jurídica y quiebra a la vez de la legalidad y la legitimidad". Como ven España non se rompeu e máis hai descendentes que forman parte do Consello de Ministro.

Din vostedes que a Constitución prohíbe indultos xerais. Explíquenme vostedes como desde 1996 (primeiro goberno de Aznar) se concederon máis de 10.600 indultos. Antes, Felipe González, que agora póneno vostedes de exemplo, indultou entre 1982 e 1996 a 5.944 persoas, entre outros a participantes no intento do golpe de estado do 23-F, como Alfonso Armada, un dos cabecillas condenado a 30 anos de cárcere. José María Aznar indultou a 5.948 persoas (4 máis ca González). Indultou, por exemplo, a 10 dos 12 condenados polo secuestro de Segundo Marey (levado a cabo polos GAL, como saben un grupo terrorista), indultou a 16 membros de Terra Lliure, indultou a tres condenados polo caso Filesa de financiación ilegal. Acercou presos de ETA a Euskadi e incluso ofrecía medidas de gracia a ETA para que abandonara a loita armada (recorden Movimiento Vasco de Liberación). E o máis grave de todo, mentiulle conscientemente á poboación española, atribuíndulle a ETA o atentado do 11M, para beneficiarse nas eleccións xerais. Tan ben o fixo que acabou sendo presidente Rodríguez Zapatero.

Rajoy indultou a 898 persoas e Pedro Sánchez so a 70.

Fan referencia vostedes á aplicación do artigo 155 da Constitución no ano 2017. O goberno de Mariano Rajoy no sitio de empregar a política para solucionar os conflitos derivados da convocatoria dunha consulta ilegal, empregou a forza, co resultado de que os partidos independentistas saíron reforzados. Todo cambiou co goberno de Pedro Sánchez, o PSC pasou a ser a primeiro forza no Parlament. Os manifestantes da Diada pasaron de 1.500.000 con Rajoy a pouco mais de 100.000 con Sánchez.

Pasemos a proposta de acordos. Como poden dicir no punto 3 que animan aos dous partidos minoritarios a buscar acordos de Estado? Non recordan que pola súa culpa non está renovado o Consello Xeral do Poder Xudicial, algo que é un mandato Constitucional. Claro que a Constitución interprétana segundo lles conveña. Tanto é así que miren periódicos da época (ABC pouco sospeito de ser de esquerdas.





Concello de Lourenzá

Miren aquí hai dúas alternativas de goberno. Ou ben goberna o PSOE co apoio da gran maioría dos grupos do Contreso, incluído Coalición Canaria; ou goberna o Partido Popular en coalición con Vox, o partido que sae ás rúas coas bandeiras do aguilucho ou recortando o escudo constitucional. O partido que se manifesta en contra da Constitución ou en contra da Monarquía. Non sei se serán bos compañeiros de viaxe. Nós, claro está preferimos a primeira opción, non hai color.

E, por último, dicirilles a pena que da ver nos vídeos dos medios de comunicación, tanto na manifestación de Madrid como na de Lugo, e supoño que no resto do país, aos seguidores do Partido Popular berrando "Pedro Sánchez hijo de puta" sen que ningún dirixente lles pedira calar. Todo un exemplo de actitude democrática. En Lugo ademais berraban "Besteiro a prisión", precisamente diante da presidenta provincial, a amiga de Lourenza, a Sra. Candia. Esa si intentou mandalo ao cárcere con probas falsas. Máis exemplos de conducta democrática e constitucional.

Nós, o grupo socialista vai votar non a esta moción popular, convencidos de que España non se vai romper, por moito que vostedes o berren. España rómpese cando existen diferenzas tan grandes como vivir no barrio de Salamanca ou Chamberí, onde o fai a Sra. Ayuso nunha mansión de 180 m², ou no Pozo do Tío Raimundo, onde acordo que hai veciños que viven en chabolas e ningún dirixente madrileño se preocupan de que non teñan auga ou de inverno estén sen electricidade. Romper España é facer políticas que favoreza a privatización da educación e da sanidade, porque é un dereito constitucional que todos teñamos as mesmas oportunidades. España non se rompe, a España rómpena as políticas do PP e Vox."

Toma a palabra a Sra. Gallo Fernández dicindo que presentan esta moción porque creen que esta Lei de Amnistía é anticonstitucional que solo se aplicou unha amnistía no ano 1977 antes do inicio da época democrática que afectou a presos por delitos ou faltas políticas e a partir do ano 78 na nosa Constitución non se recoñece. O principio de igualdade non se cumpre. A amnistía anularía os delitos e as penas, non é o mesmo que os indultos que xa se fixeron, anulan solamente as penas.

O poder xudicial quedaría mermado, vinculado á lexislatura do poder político e iso é moi grave. Os xuíces si se aproba a Amnistía, disporían de dous meses ou ben para archivala ou ben para proceder á extinción das responsabilidades penales, co que non estamos de acordo. Estamos en contra desta Lei porque non cumpre a Constitución.

Intervén o Sr. Arango dicindo que non entende como poden estar dicindo eso ca xustiza da separación de poderes cando non están permitindo a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial que é o órgano máximo da Xustiza en España.





Concello de Lourenzá

Pasada a votación a moción da Lei de Administía, é rexeitada por 8 votos a favor dos Concelleiros do PsdG-PSOE e do BNG, e dous a favor dos Concelleiros do P.P.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

| @cols=3:**Rogo: M^a Belén Fanego Barreira, concelleira do BNG en Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais eleva ao Pleno os seguintes ROGOS:

-Rogámoslle que volvan a empregar o galego sempre que sexa posíbel nas comunicacións que realiza este Concello, tanto en actas como calquera outro tipo de documento orixinado polos traballadores desta Entidade.

- Rogamos que se proceda a revisar o alumeado público na parroquia de Sto Tom...**|
| ---- | ---- | ---- |

ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación a Sra. Alcaldesa di que non van neste Pleno dúas mocións que presentou o Partido Popular porque non entraron a tempo, irán ao próximo.

ROGOS DO B.N.G:

A continuación a Sra. Fanego Barreira formula as preguntas que quedaron sen contestar do Pleno anterior:

- 1.- En relación co Convenio de Sogama pódese aproveitar para poñer mais contenedores de plástico e cartón nas Parroquias.
- 2.- Gustaríame que me contestaran se había un Plan de Seguridade na Faba e se había unha ambulancia.

A Sra. Alcaldesa resposta que unha ambulancia seguido non a houbo, sí cando houbo a Carreira do Val das Fabas pero durante todo o evento non.

A Sra. Fanego di que nestos eventos debería habela.

Seguidamente pásanse a formular os rogos:

- 1.- Sei que son ceñecedores do estado en que se encontra a Ponte de Nogueiredo, rogaría que poñan o máximo empeño ao seu arranxo o antes





Concello de Lourenzá

posible. No nos gustaría que pasara como na ponte de Canedo que levou anos para o seu arraxo. Agardamos deste Goberno unha maior dilixencia para reparala e de paso botar unha ollada a unha casa en ruínas que supón un perigo para os veciños do lugar e está ao lado dun pequeno espazo infantil.

A Sra. Alcaldesa resposta que se está mirando este tema.

2.- Rogámoslle que volvan a empregar o galego sempre que sexa posible nas comunicacións que realiza este Concello, tanto en actas como calquera outro tipo de documento orixinado polos traballadores desta Entidade.

A Sra. Alcaldesa resposta que se están poñendo ó día.

3.- Rogamos que se proceda a revisar o alumeadado público na parroquia de Santo Tomé, en conceto entre o cruce de casa Gayoso a casa Maradona posto que estes días non funcionaba (marxe esquerda dirección Cruz da Cancela-Vilanova).

A Sra. Alcaldesa di que houbo unha avería nunha fase.

4.- Rogamos que proceda a reparar os bancos da Avenida de Mondoñedo.

A Sra. Alcaldesa dí que non é o mellor momento que sería de cara o verán. Xa se repararon cando houbo o obradoiro de emprego de carpintería, pero agora, sí que é verdade, que dende aquela xa hai algún que o necesita.

A Sra. Fanego dí que ó mellor habería que ver outra ubicación, que non estén debaixo das goteiras.

5.- Rogamos que exixan que se reparen os danos ocasionados con motivo da limpeza de cunetas por parte da Deputación xa que a maquinaria rompeu algúns tubos de entrada ás fincas e deixou tapados con terra e pedras os accesos ás cunetas nalgúns puntos, facendo que se formen poceiras e a auga corre pola estrada e polas fincas (Sto Adrao e Arroxo, por exemplo).

A Sra. Alcaldesa di que o que se rompe hai que reparalo.

A Sra. Fanego di que vai xuntando a terra e os tubos salvacunetas quedan obstruídos e quedan os sumidoiros tapados.

6.- Rogamos que solucionen na maior brevidade posible o estado de abandono no que se atopa o entorno do Punto Limpo e o propio recinto.

A Sra. Alcaldesa resposta que solución hai, o problema e que se limpia, a recollida agora mesmo vai lenta e se acumula outra vez. Que se recolle todo canto poden.

A Sra. Fanego propón que se faga algún tipo de campaña e insistir parroquia a parroquia para implicar a pais e nenos.





Concello de Lourenzá

7.- Rogamos que nos facilite as contas de ingresos e gastos detallados ocasionados con motivo da celebración da Festa da Faba.

O Sr. Arango resposta que as contan están sen pechar de todo porque falta por presentar facturas. O orzamento é de 35.000 euros e ata agora hai gastos por 30.500 euros, os ingresos foron 21.000 euros dos cales 21.000 deunos a Deputación Provincail, 3.000 a Axencia de Turismo de Galicia, 1.500 Caixa Rural e 1.500 Abanca.

8.- Rogamos que nos faciliten o acceso ás actas da Xunta de Goberno Local posto que eses acordos son o medio fundamental do que dispoñemos dende a oposición para controlar, fiscalizar a xestión e garantir a transparencia das actuacións do grupo de goberno, sendo este un dos principios básicos do funcionamento democrático das administracións locais.

A Sra. Fanego di que tivo unha reunión coa Secretaria e que xa vai sendo hora que teñan acceso a algo.

O Sr. Arango dí que se poñían na web do Concello e houbo que retiralas.

ROGOS DO P.P.

A páxina web do Concello de Lourenzá está desactualizada. É o caso da información sobre a corporación municipal, onde constan os nomes dos concelleiros do anterior mandato, e en relación ás actas dos plenos a última que se pode consultar na web do Concello correspóndese co pleno do 14 de xullo de 2023.

Igualmente, no Portal de Transparencia do Concello de Lourenzá, a información tampouco está actualizada. Os últimos orzamentos dispoñibles para a súa consulta a través do Portal de Transparencia son os do ano 2016 e entre a información xeral aparecen datos da corporación municipal de fai dous mandatos.

No caso do Portal de Transparencia é obrigatorio por lei mantelo actualizado. De non estalo, ademais de demostrar desidia, poderíase considerar unha posible ocultación de información.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá solicita que se tomen as medidas oportunas para actualizar tanto a páxina web municipal como o Portal de Transparencia do Concello de Lourenzá.

A Sra. Alcaldesa di que sí, está desactualizado.

PREGNTAS DO B.N.G.

1.- O alumeadado público da Avenida de Mondoñedo sofre constantes danos o que fai preciso reparar e repoñer os farois das beirarrúas por parte do Concello.





Concello de Lourenzá

Sábese que nalgúns casos estes danos son causados por vehículos de grandes dimensións e tonelaxe, outros non sabemos se se ten constancia de quen os ocasiona. No caso de que o saiban:

¿ Pódenos dar unha cifra aproximada do que se leva pagado no que vai de ano por mor deses arranxos? ¿ Cantos deses danos foron recoñecidos polos propietarios dos vehículos, e polo tanto puideron ser facturados a eses seguros particulares?

A Sra. Alcaldesa resposta que normalmente sábese quen foi e dase parte ó seguro. Se hai algunha que non se sabe ten que arranxalo o Concello. Agora mesmo temos pendiente de un vehículo de grandes dimensións por importe de 1.176 euros.

2.- ¿ Teñen pensado repoñer o espello roto no cruce da Plaza Linares Rivas e a Travesía da Mariña?

A Sra. Alcaldesa dí que fai moito que desapareceu ese espello que non sabe por que se puxo. E di se alguén lle preguntou por el, se o usaban.

3.- Na antiga Nacional 634, entre Vilanova e Arroxo, as ramas das árbores invaden parte da vía e chegan a rozar os autobuses e outros vehículos de gran tamaño, ademais de que a maleza tapa os sinais de tráfico. ¿ Poden proceder a revisar e limpar as marxes da vía? A ausencia de iluminación e o feito de que non se vexan os sinais poden ser causa dalgún accidente viario.

A Sra. Alcaldesa di que se procedeu a limpar as cunetas, aproveitando que estaban as máquinas de Deputación e que se podou algo pero iso teñen que facelo os propietarios.

4.- ¿ Teñen pensado colocar ou recolocar novos contedores para a recollida selectiva do lixo polos principais núcleos das parroquias? Ex: Sto Tomé 2 de cartón, 3 de plástico, 1 de vidro e 2 verdes no mesmo lugar

Con respecto a esto os de vidro e cartón se colocan no centro do núcleo de poboación, hai que centralizalo, agora teñen algún pedido no Plan Único deste ano deixouse unha partida para contenedores.

5.- ¿ Poden achegarnos unha cantidade aproximada da débeda que ten pendente de abonar este Concello en concepto de pago a provedores correspondente ao ano 2022?

A Sra. Alcaldesa resposta que non teñen débeda pendente de abonar do ano 2022.

PREGUNTAS DO P.P.





Concello de Lourenz

1.- Na actualidade estanse a acometer obras na coñecida "ruta do colesterol" para a mellora da lia de media tensin que d servizo ao Concello, medio ano despois de ter aglomerado a va. Ao ter que intervir no pavimento, quedar con parches, e o seu deterioro producirase ms rpido. Por que se esperou a ter aglomerada a va para realizar esta intervencin sobre a obra realizada fai arredor de medio ano?. Non se puido esperar a realizar esta actuacin e despois aglomerar?.

A Sra. Alcaldesa responsta que a obra que se realizou era do Plan nico 2022-2023 e houbo que xustificala en prazo para non perder a subvencin e despois a empresa pediu licencia para facer as obras e tiveron que romper parte do aglomerado, comprometeronse a arreglar todo ese carril, a fresalo e volver a botar, non vamos a permitir que quede as.

2.- O servizo madrugadores que se presta no CEIP Juan Rey de Lourenz permite s familias conciliar a vida familiar e laboral xa que atende aos menos e nenas antes do inicio do horario lectivo. Trtase dun servizo que est a prestar a ANPA grazas a unha subvencin que inclua os meses de xaneiro a novembro. Ten previsto o goberno local financiar e continuar co servizo madrugadores?

A Sra. Alcaldesa resposta que actualmente o servizo madrugadores fxose a travs dunha subvencin que pediu a ANPA e abarca ata novembro, estamos en contacto coa Xunta para ver si van a salir de novo as subvencins, non nos aseguran nada firme, a idea e que volvan a sair e que poida ser dende o 1 de decembro con carcter retroactivo, pero temos incertidumbre, a ANPA pedir outra vez subvencin cando volva a sair e por un mes non vamos a deixar sen servizo de madrugadores, realmente non  moita canta, estamos traballando neso.

3.- O termo municipal de Lourenz conta con numerosos edificios en estado ruinoso que poden supn un perigo para calquera viandante que pase polas inmediacins. Que ten pensado facer o equipo de goberno en relacin a estas construccins en estado ruinoso para evitar posibles perigos a vecios ou visitantes?.

A Sra. Alcaldesa resposta que  unha pregunta que xa a fuxeron en ms plenos, que desafortunadamente hai varias vivendas que estn en estado ruinoso, o Concello intenta sempre a va do dilogo, contactar cos propietarios, solucionar o problema e que sexa o propietario que se faga cargo deste perigo. Hai casos en que a xente se fai cargo en ben e outros casos que hai que chamar varias veces.  mellor o Concello se ter que facer cargo.

O Sr. Daz di que non ten porque facerse cargo o Concello que ter que reclamarlo aos propietarios.

A Sra. Gallo comenta que o mellor e contactar e polo menos intentar unha rehabilitacin.





Concello de Lourenzá

A Sra. Alcaldesa di que hai máis na vila porque nas parroquias foron vendéndose moitas casas o cal é bon. O correcto sería que cada un se faga cargo do que ten. Hai un ARI onde hai opcións de axudas.

A continuación comentan entre os Concelleiros casos de determinados propietarios.

4.- O vindeiro 26 de novembro cúmprese 13 anos do falecemento e 63 do ingreso na Real Academia Gaolega (RAG) de Francisco Fernández del Riego, ilustre veciño do noso municipio ao que se lle dedican este ano as Letras Galegas. É polo tanto unha data importantes que dende o Grupo Municipal Popular de Lourenzá cremos que se debe conmemorar.

A Sra. Alcaldesa resposta que este ano que é de Fernández del Riego formouse unha mesa de traballo e todas as actividades que se levaron a cabo o 2023 se organizaron dentro desa Mesa, en representación do P.P. está Sandra, o Concello á marxe desa Mesa non organizou ningún acto porque se quedou neso, entende que si no P.P. teñen esa idea o máis normal sería que o P.P. a través da súa portavoz na Mesa o houbera transmitido e esa pregunta a podería contestar Sandra porque sabe que para ese día non se organizou nada en concreto.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

